

Proxecto Educativo de Centro

IES AUGA DA LAXE

2021-2022

Elaborado no curso 2017-2018.

Última modificación no curso 2021-2022.

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO CENTRO. PRINCIPIOS XERAIS

- 1.1. Contextualización e descrición
- 1.2. Sinais de identidade
- 1.3. Instalacións do centro
- 1.4. Horario do centro
- 1.5. Principios xerais

2. A ESTRUCTURA ORGANIZATIVA E ÓRGANOS DE COORDINACIÓN

- 2.1. Estructura organizativa: Consello Escolar, Equipo Directivo e Claustro de Profesores/as
- 2.2. Órganos de coordinación docente: Departamentos, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística
- 2.3. Órganos de participación do alumnado

3. DO ALUMNADO

- 3.1. Dereitos do alumnado
- 3.2. Deberes do alumnado

4. DO PROFESORADO

- 4.1. A tutoría
- 4.2. O profesorado de garda

5. AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

6. A BIBLIOTECA

7. A CONCRECIÓN DO CURRÍCULO

- 7.1. Capacidades a desenvolver na ESO e no bacharelato
- 7.2. Decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía e a súa contribución á consecución das competencias clave
- 7.3. Criterios xerais sobre a avaliación, titulación e promoción do alumnado
- 7.4. Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes
- 7.5. Incorporación da educación en valores a través das distintas áreas e materias
- 7.6. Oferta de optativas

8. A AVALIACIÓN E AS RECLAMACIÓNS

9. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

10. DISPOSICIÓN DERRADEIRA

- Anexo I: Proxecto Lingüístico
- Anexo II. Plan de convivencia
- Anexo III. Proxecto Lector
- Anexo IV. Proxecto de Actividades do EDNL
- Anexo V. Plan de Acción Titorial
- Anexo VI. Plan de Atención á Diversidade
- Anexo VII. Normas de Organización e Funcionamento

Este documento foi aprobado polo Consello Escolar do IES Auga da Laxe de Gondomar na sesión ordinaria do día 24 de maio de 2017.

A presente actualización do proxecto educativo do IES Auga da Laxe de Gondomar, abórdase tendo en conta a lexislación vixente aplicable no momento da súa aprobación, xuño de 2017, nomeadamente a Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa, e os desenvolvementos posteriores da mesma. Así mesmo actualizouse o Plan de Convivencia (Anexo II), tendo en conta o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO CENTRO. PRINCIPIOS XERAIS

1.1. Contextualización e descrición do centro

O IESAuga da Laxe é un centro público dependente da Consellería de Educación, situado no concello de Gondomar, na zona sur da provincia de Pontevedra.

Comezou a súa andadura en 1989. No primeiro ano de funcionamento, constituíuse como Instituto de Educación Secundaria e Profesional de Gondomar, posteriormente, logo da reforma do ensino secundario, por acordo do Consello Escolar do 18 de febreiro de 1999, pasou a denominarse IES Auga da Laxe, nome que se debe ó xacemento rupestre de petróglifos localizado na parroquia de Vincios, pertencente o Concello de Gondomar. A posta en marcha do Instituto viña a satisfacer unha vella demanda da cidadanía de Gondomar, que tiña que seguir estudos de bacharelato en Vigo, ou máis recentemente en Nigrán, único Concello do Val Miñor onde se podían facer estes estudos.

Recibe o alumnado do colexio de primaria Chano Piñeiro e do IESTerra de Turoniode Gondomar. No curso 1998 / 99, ano no que se elaborou o PEC, de acordo cos plans educativos da Consellería de Educación implantouse neste centro a LOXSE cos cursos 1º, 2º e 3º da ESO. No curso 2015 / 16 implantamos os novos currículos da LOMCE en 1º e 3º da ESO e 1º bacharelato, e no curso 2016 / 17, os de 2º e 4º da ESO, e 2º bacharelato.

Como un dos centros de ensinanza secundaria do Concello, pretende converterse, co apoio da corporación local, nun centro dinamizador da cultura.

O Concello de Gondomar atópase a 15 km. de Vigo, a 16 km. de Portugal e a 4 km. de Baiona. Ten unha superficie de 78,84 km cadrados, e está situado no entorno natural do Val Miñor, que forman os ríos Miñor, Zamáns e Groba, circundado polas serras do Galiñeiro e da Groba. Gondomar ten dez parroquias: Borreiros, Chaín, Couso, Donas, Gondomar, Mañufe, Morgadáns, Peitieiros, Vilaza e Vincios.

A poboación de Gondomar segundo o censo do Instituto Nacional de Estatística de 2015 era de 14.056 habitantes, 6.954 homes e 7.102 mulleres. A poboación medrou nos últimos anos, xa que

Gondomar estase a configurar como unha zona máis de expansión da cidade de Vigo. A poboación estranxeira era de 160 persoas, procedentes na súa maioría de América e de Europa.

A proximidade a Vigo condiciona a economía; a maioría da poboación activa de toda a comarca trasládase cada día ata alí para traballar. Isto provoca moito movemento pendular entre Vigo e a zona do Val Miñor onde se localiza Gondomar.

Destaca o sector Servizos que aumentou moito nos últimos anos, aínda que o sector agrícola, a gandería e a industria madeireira teñen unha certa importancia na zona. Segundo datos de marzo de 2.016 do Instituto Galego de Estatística, as afiliacións á Seguridade Social por sectores serían en Agricultura e pesca 72 persoas, en Industria 1.087 persoas, Construción 548 persoas, e Servizos 3.538 persoas. O número de pensións non contributivas da Seguridade Social era de 223. Na parroquia de Vincios está o polígono industrial A Pasaxe que medrou nos últimos anos por mor da proximidade e as boas comunicacións con Vigo.

Contexto do alumnado e as familias.

O alumnado do IES Auga da Laxe é na súa maioría do concello de Gondomar. Os alumnos e alumnas da ESO proceden na maior parte da parroquia de Gondomar, e os de bacharelato de todo o concello. Nos últimos anos veñen a estudar algúns alumnos e alumnas procedentes de Vigo por cambio de residencia dos seus pais, así como un número aínda escaso, de fillos de inmigrantes que se asentan en Gondomar. O centro responde a un entorno socioeconómico e cultural medio (fundamentalmente medio – baixo), con dous grupos de alumnos/as claramente diferenciados, uns con bo nivel cultural e apoio da familia, e outra parte con escaso apoio familiar. O número total de alumnos/as oscila nos últimos anos entre 330 e 380.

As formas de participación do alumnado e dos seus pais no funcionamento do Centro lévanse a cabo a través do Consello Escolar, da Asociación de Pais e Nais de Alumnos *As Gaiandas*, e da Xunta de Delegados de Curso.

O Profesorado

O profesorado nos últimos anos está arredor de 40 profesores e profesoras, dos cales 32 teñen destino definitivo, e o resto varía cada ano, en función das necesidades do centro. Imparten as materias propias dos estudos de ESO e bacharelato, a Orientación e a Pedagogía Terapéutica. Os profesores coordínanse entre si por medio dos Departamentos Didácticos, cada un deles conta cun Xefe ou Xefa de Departamento.

1.2. Sinais de identidade

O IES Auga da Laxe é un centro aconfesional, respectuoso e tolerante con tódalas crenzas relixiosas e as súas formas de expresión e coa pluralidade ideolóxica ou política dos membros da comunidade educativa, dentro do marco da declaración universal dos dereitos humanos.

O centro protexe o dereito ao honor e a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, así como o dereito de tódolos membros da comunidade educativa a recibir un trato igual, sen que poidan establecerse diferenzas por razón de sexo. Promove a superación de estereotipos que tendan á diferenciación de roles entre o home e a muller, etnia, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social. En particular, non se admitirán entre alumnos e alumnas, nin no resto dos membros da comunidade educativa, as desigualdades sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou cunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

Respecta as distintas linguas e potencia o galego, como lingua propia de Galiza. Co obxectivo de contribuír á plena normalización lingüística do galego, procura que esta sexa cada vez máis a lingua ambiental e de ensino no ámbito escolar. Estimula, asemade, o dominio doutras linguas (inglés, francés,...) para facilitar a inserción laboral e cultural do alumnado no actual mundo globalizado.

Promove o uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación. Potencia iniciativas destinadas a mellorar o uso das TIC por parte do profesorado e alumnado, co obxectivo de facilitar unha formación sólida ao alumnado, que lle permita facer fronte aos retos da actualidade.

Impulsa estratexias activas destinadas á adquisición polo alumnado das capacidades de aprendizaxe necesarias para unha formación continua, que rebasen a vida académica. Asemade, promove o hábito de lectura no alumnado a través do Proxecto Lector, ou a partir das iniciativas que desde calquera departamento didáctico persigan o mesmo fin.

O noso centro fomenta así mesmo, a educación e a cultura da paz, e promove estratexias de prevención e resolución pacífica de conflitos.

Dámoslle unha gran importancia as actividades complementarias e extraescolares, coas que logramos alcanzar obxectivos curriculares por medio de metodoloxías diferentes, alternativas ás das sesións lectivas ordinarias e contribuímos a afianzar e mellorar as relacións entre profesorado e alumnado.

Tratamos de inculcar no alumnado a convicción de que é necesario valorar e defender o medio ambiente, e levar a cabo iniciativas destinadas a asentar esta idea na sociedade.

Asemade, o noso centro promove especialmente a música, e o acceso do alumnado aos coñecementos e estratexias relacionados co coidado da saúde, fomentando o cambio de actitudes e hábitos, coa finalidade de lograr unha vida máis saudable.

1.3. Instalacións do centro

O centro está organizado en aulas materia, no sentido de que a distribución de aulas faise en función das necesidades propias das materias a impartir e non en función dos distintos cursos que se

imparten. Ten ao lado o pavillón municipal de deportes que, por medio de convenio, é utilizado principalmente e durante as horas lectivas polos alumnos/as deste instituto. Na construción e deseño do centro tivéronse en conta cuestións importantes como a orientación, a luminosidade e a amplitude. O interior é luminoso, o que da unha gran sensación de claridade e limpeza, que axuda a un bo mantemento das instalacións, o que consideramos dunha gran importancia pedagóxica. O edificio principal, dispón de tres andares ou niveis. En todos os niveis dispónse de aseos para os alumnos/as e profesores/as.

O Instituto organiza as súas actividades en instalacións compartidas por varios grupos de persoas (aulas materia, sala de profesores, laboratorios, biblioteca, ximnasio, pista polideportiva etc.). Dispomos dos seguintes espazos para o desenvolvemento das actividades educativas:

Aulas para impartir as materias dos distintos departamentos didácticos:

Aula de LG1 / LG2 / LC1/ LC2 / MAT1 / MAT2 / ECO-Filosofía / TECN / Música / Plástica / ID1 / ID2 / Lat-Gr/Reli / XH1 / XH2 / FQ / Bio / PMAR1 / PMAR2 / LAB Bio / LAB Xeo / LAB FQ.

Outros espazos de uso común son:

O Departamento de Orientación / Unha aula PT / Unha aula pequena para desdoblamento / Dúas aulas de informática (unha pequena) / Biblioteca / Salón de usos múltiples / Patio central cuberto / Ximnasio cuberto / Un campo de deportes descuberto / Cafetería.

1.4. Horario do centro

As clases impártense en horario de mañá distribuídas en seis períodos lectivos, de 09:30 a 15:00, agás o luns que hai seis períodos lectivos pola mañá e dous pola tarde, de 17:00 a 18:40. Pola mañá hai un recreo de trinta minutos de 12:00 a 12:30 horas.

Un administrativo ten ó seu cargo as oficinas e a súa xestión burocrática. O horario de atención ó público da secretaría é de 10 a 14 horas.

No Centro traballan dúas conserxes funcionarias con destino definitivo. Tres persoas conforman o persoal de limpeza do Centro, con contrato laboral, dúas con horario completo e unha con media xornada.

Os grupos de música, coordinados polo profesor da materia, Sergio Álvarez, ensaian tódolos días polas tardes na aula de música.

As instalacións deportivas, ximnasio e vestiario están a disposición das Escolas Deportivas Municipais todos os días (de luns a domingo) entre outubro e maio. Temos asinado un Convenio de Colaboración co Concello de Gondomar, polo que este se fai cargo do mantemento do xardín e unha poda anual das árbores, en contraprestación polo uso do Ximnasio e das pistas exteriores que utiliza o club de tenis de Gondomar.

O Club de xadrez Laroca utiliza unha aula os sábados pola mañá. O noso centro forma parte

do club con un equipo que participará en campionatos, co nome do instituto.

O grupo de teatro Vichelocrego ensaia os mércores pola tarde na sala de usos múltiples do instituto.

No curso 2016/17 tramitouse unha petición do Claustro e Consello Escolar para cambiar a xornada escolar. A intención era adiantar a hora de entrada e saída. Polo momento sen cambios.

1.5. Principios xerais

Toda a actividade do instituto irá encamiñada á consecución dos seguintes fins:

- O pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado.
- A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.
- A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
- A preparación para participar activamente na vida social e cultural.
- A formación para a paz, a cooperación e solidariedade entre os pobos.
- Establecer un marco de convivencia baseado nun regulamento de réxime interno que permita a tódolos membros da comunidade educativa facer uso dos seus dereitos sen esquecer as súas obrigas.

A actividade do IES Auga da Laxe desenvolverase atendendo os seguintes principios:

- A formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores morais do alumnado en tódolos ámbitos da vida, persoal, familiar, social e profesional.
- A participación e colaboración das nais, pais, titoras ou titores para contribuir á mellor consecución dos obxectivos educativos, a través da ANPA.
- A efectiva igualdade de dereitos entre os sexos, o rexeitamento a todo tipo de discriminación e o respecto a tódalas culturas.
- O desenvolvemento das capacidades creativas.
- O fomento dos hábitos de comportamento democrático.
- A autonomía pedagóxica dos centros dentro dos límites establecidos polas leis, así como a actividade investigadora do profesorado a partir da práctica docente.
- A atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional.
- A metodoloxía activa que asegure a participación do alumnado nos procesos de ensinanza e aprendizaxe.
- A avaliación dos procesos de ensinanza e aprendizaxe, dos centros docentes e dos diversos elementos do sistema.
- A relación co contorno social, económico e cultural.

- A formación no respecto e defensa do medio ambiente.

As actuacións no ámbito pedagógico irán encamiñadas a:

- Seleccionar os contidos curriculares que sexan realmente de interese e funcionais para o alumnado, que teñan aplicación na súa vida, procurando inserir a acción educativa dentro do seu contexto sociocultural, facendo que o alumnado sexa o protagonista do proceso.
- Proporcionar ós alumnos e ás alumnas os instrumentos de análise científica e fomentar a capacidade de observación e de crítica, así como a adquisición de hábitos de traballo intelectual.
- Buscar as técnicas máis apropiadas para favorecer a motivación e a actividade do alumnado, o diálogo e a interdisciplinabilidade.
- Facer da avaliación, tanto por parte do profesorado como do alumnado, unha verdadeira análise de todo o proceso educativo en xeral, así mesmo, facer da avaliación un instrumento de motivación e autoestima.
- Impulsar a acción tutorial individualizada e en grupo como algo esencial na orientación educativa e profesional, así como as diversificacións e adaptacións curriculares para aquel alumnado que precise delas.
- Potenciar un réxime de coeducación no que non se produza ningún tipo de discriminación.
- Estimular a expresión crítica como forma de mellorar o ámbito inmediato e mesmo a sociedade.
- Fomento do respecto ó entorno físico e á comunidade de individuos.

2. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA E ÓRGANOS DE COORDINACIÓN

2.1. Estructura organizativa: Consello Escolar, Equipo Directivo e Claustro de Profesores/as.

Equipo Directivo

O equipo directivo, órgano executivo de goberno dos centros públicos, está integrado polo/a Director/a, o/a Secretario/a, o/a Xefe/a de Estudos e o/a Vicedirector/a. As súas funcións están recollidas fundamentalmente no Real Decreto 324/96 do 2 de xullo (DOG do 9 de agosto) polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria e pola Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro) no que se ditan instrucións para o desenvolvemento do citado Decreto, e as modificacións introducidas pola LOMCE.

O equipo directivo traballará de forma coordinada no desempeño das súas funcións, conforme as instrucións do director/a e as funcións específicas legalmente establecidas

Consello Escolar

No noso centro está composto polos seguintes membros: o/a Director/a, que será o seu

Presidente, o/a Xefe/a de Estudos, un representante do concello, sete profesores/as elixidos polo Claustro, tres representantes dos pais e nais do alumnado, catro representantes do alumnado, un representante de administración e servizos, e o/a Secretario/a, que actuará como secretario/a do Consello, con voz, pero sen voto.

As principais atribucións recóllense fundamentalmente no Artigo 127 da LOE, modificado pola LOMCE, entre as cales estarían:

- Avaliar os proxectos e as normas a que se refire o capítulo II do título V da LOE.
- Avaliar a programación xeral anual do centro.
- Coñecer as candidaturas e proxectos de dirección e participar na selección do director ou da directora do centro, nos termos que a normativa vixente establece.
- Informar sobre a admisión de alumnos e alumnas.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar por que se atean a lexislación vixente.
- Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e non discriminación polas causas as que se refire o artigo 84.3 da LOE modificado pola LOMCE, a resolución pacífica de conflitos, e a prevención da violencia de xénero.
- Promover a conservación e renovación das instalacións, de acordo co establecido no artigo 122.3 da LOE modificado pola LOMCE.
- Emitir informe sobre as directrices para a colaboración, coas administracións locais e outras entidades e organismos.
- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, o rendemento escolar e as avaliacións internas e externas.
- Elaborar propostas e informes, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión.
- Calquera outra que lle sexa atribuída pola Administración educativa.

Claustro de profesores e profesoras

É o órgano propio de participación destes no goberno do centro, e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar, e no seu caso decidir, sobre tódolos aspectos educativos do centro.

Entre as súas competencias están formular ao equipo directivo e o Consello Escolar propostas para a elaboración dos proxectos e programación do centro, aprobar e avaliar a concreción do currículo e aspectos educativos da programación xeral anual, fixar os criterios referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación do alumnado, promover iniciativas pedagóxicas e de formación do profesorado, analizar e valorar o rendemento escolar, informar as normas de organización e funcionamento, coñecer a resolución de conflitos e as sancións impostas, propor medidas que favorezan a convivencia, elixir os seus representantes no Consello, e outras que poidan ser

atribuídas pola Administración educativa.

Reunirase preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre, e sempre que o convoque a súa presidencia ou o solicite, un terzo polo menos dos seus membros. En todo caso reunirase ó inicio e ó remate do curso.

2.2. Órganos de coordinación docente: Departamentos, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

Son os departamentos didácticos, departamento de orientación, e departamento de actividades complementarias e extraescolares, o equipo de normalización lingüística, e a comisión de coordinación pedagóxica.

Os departamentos didácticos

Encárganse da organización e desenvolvemento das ensinanzas das materias propias e das materias ou módulos que se lles encomenden. A súa función máis salientable é a de propoñer a programación didáctica, así como facer o seu seguimento e establecer as medidas correctoras que , se é o caso, se estimen necesarias.

Reuniranse polo menos unha vez ao mes, logo da convocatoria do/a xefe/a de departamento, segundo o artigo 4.3 da Orde de 23 de xuño de 2011.

O departamento de orientación

Forman parte do mesmo o/a Xefe/a de departamento, e o/a profesor/a de apoio para atención ó alumnado con necesidades educativas especiais, e un titor/a por cada un dos cursos que compoñen as etapas educativas que se imparten no instituto. O/A Xefe/a de departamento actuará baixo a dependencia directa da xefatura de estudos e en estreita colaboración co equipo directivo, xefes de departamento e titores/as. A súa función fundamental será a de elaborar e impulsar propostas de orientación e reforzo educativo así como un plan de acción tutorial. O alumnado será atendido no seu horario lectivo coa recomendación expresa dos titores/as, profesores/as ou cargos directivos, mediante cita previa; tamén recibirá os pais e nais que o desexen. As informacións obtidas serán de carácter confidencial.

O departamento de actividades complementarias e extraescolares

O/A Xefe/a de departamento será o/a Vicedirector/a e formarán parte do mesmo, o/a profesor/a encargado/a da biblioteca, e para cada actividade concreta o profesorado e alumnado responsable da mesma. A súa función esencial será a de promover, organizar e facilitar as actividades complementarias e extraescolares.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Está constituído por tres profesores/as, propostos pola comisión de coordinación pedagóxica, tres alumnos/as, propostos pola xunta de delegados, e un membro do persoal non docente, por proposta dos mesmos. O/A coordinador/a será un profesor ou profesora nomeada polo/a Director/a, a proposta feita polos compoñentes do equipo.

As principais funcións serán presentar a través do claustro propostas para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística, que se incluírán no proxecto educativo, e artellar tódalas medidas necesarias, para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro. Elaborará un Plano Anual de Normalización Lingüística, que se incluírá como anexo no Proxecto Educativo de Centro.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Segundo o artigo 77 do Decreto 324/1996, estará integrada no noso centro polo Director/a que será o seu Presidente, o/a Xefe/a de Estudos, os/as xefes/as de departamento, o/a coordinador/a do equipo de normalización lingüística e o/a profesor/a de apoio ó alumnado con necesidades educativas especiais. Actuará como secretario ou secretaria, un membro da comisión designado pola dirección, oídos os restantes membros.

As súas misións fundamentais son elaborar propostas ó claustro sobre o proxecto curricular e educativo, así como facerlle un seguimento ós mesmos; establecer as directrices xerais para as programacións didácticas, dos departamentos, do plano de orientación académica e profesional, do plano de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos.

2.3. Órganos de participación do alumnado

Delegado/a de grupo. Cada grupo de alumnos/as elixirá, un delegado/a de grupo, que formará parte da xunta de delegados/as. Elixirase tamén un subdelegado/a. Sempre que sexa posible implantarase a paridade na elección, de tal xeito que si o delegado é un home, a subdelegada debe ser unha muller, e si a delegada é unha muller, debe ser o home o subdelegado. Estas eleccións, así como a do delegado/a, que presida a xunta serán convocadas polo xefe/a de estudos, e organizadas por este/a en colaboración cos titores/as, no primeiro mes do curso escolar.

Xunta de delegados/as. Integrada polos representantes dos alumnos/as dos distintos grupos, e polos representantes do alumnado no Consello Escolar, será presidida por un dos seus membros elixido/a entre os seus compoñentes.

As principais funcións son: elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo, informar dos problemas de cada grupo, recibir información dos representantes no Consello Escolar, elaborar propostas de actividades extraescolares e complementarias, propostas de modificación das Normas de organización e funcionamento, informar ó alumnado do centro das súas actividades, ser escoitada polos órganos de goberno do instituto.

Os delegados e delegadas non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións como voceiros do alumnado, nos termos da normativa vixente. A Xefatura de estudos facilitará á xunta de delegados un espazo adecuado para que poida celebrar as súas reunións.

3. DO ALUMNADO

Os procedementos en materia de convivencia basearanse na Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no decreto 8/2015 de 8 de Xaneiro que a desenvolve e no Plan de Convivencia do centro.

3.1. Dereitos do alumnado

- Dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- Promoverase a igualdade de oportunidades a través da non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas ou psíquicas, a través do establecemento de medidas compensatorias.
- Dereito a que o seu rendemento académico sexa avaliado con enteira obxectividade.
- Que se desenvolva a súa actividade académica nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- Que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que atinxe ás devanditas crenzas.
- Respecto pola súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, sen que poidan ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes.
- Dereito a participar na vida do centro, na actividade escolar e na xestión do mesmo, segundo o disposto nas leis.

Cando non se respectaren os dereitos do alumnado, ou cando calquera membro da comunidade educativa impedira o efectivo exercicio dos devanditos dereitos poderá denunciálo perante a Dirección do centro que adoptará as medidas conforme o disposto na lexislación vixente.

3.2. Deberes do alumnado

O estudo constitúe o deber básico do alumnado e concrétese nas seguintes obrigas:

- Asistir á clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ó desenvolvemento dos plans de estudo.
- Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
- Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e amosarlle o debido respecto e consideración.
- Respectar o exercicio do dereito o estudo dos demais, a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros da

comunidade educativa.

- Non discriminar a ningún elemento da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Coidar e utilizar correctamente os bens mobles e as instalacións do centro e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.
- Participar na vida e funcionamento do centro, de acordo á normativa vixente.

4. DO PROFESORADO

4.1. A tutoría

Haberá un titor ou titora por cada grupo de alumnos e alumnas. O titor ou titora será designado pola Dirección, por proposta da Xefatura de Estudos, oído a Xefatura do Departamento de Orientación, entre o profesorado que imparte docencia a todo o grupo. A hora de tutoría do alumnado formará parte do horario lectivo do titor ou titora.

O centro promoverá, cando menos, unha reunión ó comezo de curso entre os titores e as titoras, departamento de orientación, equipo directivo e pais e nais, cunha finalidade informativa e orientadora para o curso.

Cada profesor/a titor/a, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará as seguintes funcións:

- Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da Xefatura de Estudos e en colaboración co departamento de orientación.
- Proporcionar no principio de curso, ó alumnado e ás nais e ós pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente ó calendario escolar, horarios, horas de tutoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- Coñecer as características persoais de cada alumno ou alumna a través da análise do seu expediente persoal.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de atopar as respostas axeitadas.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Orientar ó alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo e asesoralo sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- Informar ó equipo docente do grupo das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.

- Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.
- Orientar e canalizar as demandas do alumnado e mediar entre o profesorado e o equipo directivo.
- Informar ó alumnado do grupo, ós pais, ás nais e ó profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais do alumnado.
- Controlar as faltas de asistencia ou puntualidade e ter informados ós pais ou ás nais ou titores/as e á Xefatura de Estudos.
- Implicar ás familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas.

4.2. O profesorado de garda

No centro haberá sempre, durante a xornada escolar, un ou máis profesores/as de garda, segundo as necesidades de cada momento e as dispoñibilidades do centro, que terán como funcións:

- Atender a todo o alumnado que quede libre por ausencia do respectivo profesor ou profesora. En caso de ausencia do docente, e sempre que o profesorado de garda sexa suficiente, permanecerá preferentemente na aula co alumnado e, de non ser posible, xuntarán mais dun grupo na sala de usos múltiples, ou levarán algún grupo á biblioteca, se houber profesor/a de garda de biblioteca nesa hora. En todo caso, asegurarse de que as actividades normais do centro non se vexan perturbadas por calquera circunstancia.
- Velar pola orde e bo funcionamento do instituto, especialmente nos corredores, á entrada e saída das clases
- Rexistrar no libro de gardas as ausencias e faltas de puntualidade do profesorado e calquera outra incidencia que se teña producido.
- Resolver no acto cantas incidencias do alumnado se produzan durante a xornada lectiva, informando inmediatamente a calquera dos membros do equipo directivo presentes nese momento, ou ben, en ausencia destes, adoptando as medidas que estime mais oportunas, axustándose ás directrices recollidas no Regulamento de Réxime Interior.
- Tamén será unha función do profesorado de garda a tutela do alumnado da ESO durante os períodos de lecer. Para tal fin, a dirección do centro destinará o profesorado que estime necesario, de acordo coa dispoñibilidade do centro, preferentemente aquel que imparta clase nesa etapa.

5. AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Entendemos por actividades complementarias as organizadas e realizadas durante o horario escolar e por extraescolares, as que se desenvolven fóra deste horario. Estas actividades son un complemento á educación formal que o alumno/a recibe no centro educativo. Con esta finalidade as actividades complementarias e extraescolares contribúen tanto a completar a formación académica

do noso alumnado así como a adquisición de valores e actitudes, que como a tolerancia e o respecto son necesarios para unha boa convivencia.

O Centro fomenta as actividades extraescolares e complementarias que se realizan dende hai anos, tales como proxectos europeos e intercambios culturais con centros nacionais ou estranxeiros, xornadas de sendeirismo, actividades de teatro, grupos de música, actividades deportivas, xadrez, visitas a museos, empresas, e promove todas aquelas actividades interdisciplinares que contribúen a un bo desenvolvemento social do alumnado.

Os proxectos e intercambios internacionais constitúen unha poderosa ferramenta para mellorar o noso centro, potenciando a aprendizaxe de linguas estranxeiras e mellorando a calidade da formación do profesorado.

O departamento de actividades complementarias e extraescolares deste centro encargase de promover, organizar, coordinar e facilitar estas actividades extraescolares e complementarias, atendendo ós seguintes criterios:

- Os diferentes departamentos propoñen actividades e o remate do curso farán unha avaliación das realizadas. O Responsable farase cargo do reparto da folla de notificación da actividade ás familias xunto coa autorización correspondente.
- Trátase de equilibrar as actividades segundo o nivel, curso e materia. Un reparto equitativo de ditas actividades é fundamental para que o número de clases non impartidas en cada grupo non sexa excesivo.
- Que as actividades sexan maioritarias (80% do alumnado) e a ser posibel que engloben varias materias, dando moita importancia a interdisciplinariedade. Cando unha actividade sexa autorizada, o alumnado que non asista deberá acudir ó centro para realizar actividades de reforzo, repaso ou calquera outra que o profesorado considere apropiada, cumprindo o seu horario ordinario.
- As actividades estarán debidamente sinaladas no taboleiro coas datas, cursos, alumnado e profesorado acompañante para mellor organización do centro.
- Temos planificado anualmente dous intercambios internacionais en inglés para 1º de bacharelato e 2º de bacharelato, e un intercambio en francés para 3º e 4º da ESO.
- Teremos en conta as propostas do alumnado e as familias para organizar actividades.
- Organizaremos habitualmente torneos de fútbol, xadrez e pimpón no instituto. Consideramos que é unha boa forma de ocupar os recreos e implicar a toda a comunidade escolar.
- Celebraranse diversas conmemoracións previstas no calendario escolar: Entroido, Letras Galegas, Día da Paz, Día do Libro, Muller Traballadora, a Ciencia, o Medioambiente..., con actividades relacionadas co tema, exposicións, charlas, festivais.
- Ao finalizar o primeiro trimestre, e o remate de curso realizaránse diversas actividades lúdicas.
- Invitaremos ao antigo alumnado a participar da vida do centro, aproveitando as súas experiencias

profesionais nos diversos campos científicos ou artísticos.

Tódolos membros da Comunidade Escolar poden utilizar as instalacións do Centro fóra do horario lectivo, previa autorización do Consello Escolar da actividade que queiran organizar.

6. A BIBLIOTECA

Tendo en conta o decreto 133/2007, do 1 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 136, 13 xullo 2007), a biblioteca escolar debe ter os seguintes obxectivos:

- Ofrecer a biblioteca como espazo de convivencia e lugar favorable para o estudo, a investigación, a lectura, traballos en grupo, etc.
- Fomentar actividades, ademais de vinculadas á lectura, relacionadas con temas transversais, de actualidade e relacionadas co mundo da cultura e das artes.
- Ofrecer material para o tratamento da información, tanto en papel como en soporte dixital.
- Traballar e colaborar cos departamentos na elaboración de eventos, exposicións, etc. e poñer á súa disposición o material que se encontra na biblioteca.

Entre as principais funcións da nosa biblioteca, establécense as seguintes:

- Incrementar os fondos da biblioteca; actualizar e repoñer.
- Organizar os recursos para poder acceder a eles de maneira sinxela, ben directamente ou ben a través do programa informático de xestión.
- Manter o ambiente que debe concorrer nunha biblioteca.
- Informar das novidades adquiridas.
- Elaborar os textos administrativos requiridos: programación, memoria, Proxecto Lector, etc.

7. CONCRECIÓN DO CURRÍCULO

7.1. Capacidades a desenvolver na ESO e no bacharelato

Capacidades a desenvolver na ESO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permita:

- Consolidar hábitos de disciplina, responsabilidade, estudo e traballo individual e en equipo, de uso da iniciativa persoal, de distintas formas de aprender, como condicións imprescindibles para o desenvolvemento da autoconfianza e competencia persoal.
- Comprender e expresarse con corrección, oralmente e por escrito, nas linguas cooficiais e en máis dunha lingua estranxeira, utilizándoas de maneira versátil para diferentes contextos e intencións comunicativas, e valorar a empatía na comunicación como instrumento de autorregulación do

pensamento e eixe da convivencia.

- Desenvolver destrezas na procura, selección, organización e integración coherente da información, como estratexia para adquirir novos coñecementos e resolver problemas académicos e cotiáns a través do uso habitual de distintos recursos, especialmente, das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Fortalecer ao alumnado nas capacidades afectivas da personalidade e das súas relacións interpersoais, rexeitando os prexuízos e os comportamentos sexistas, co fin de acadar sempre a inclusión na comunidade educativa, e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver e aplicar o pensamento científico – técnico, utilizando valores e criterios éticos, que permitan adquirir actitudes para a resolución de problemas complexos, en diversos campos do coñecemento e na vida cotiá.
- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio, participando na súa conservación e mellora.
- Coñecer, aceptar e respectar o funcionamento do corpo humano propio e doutras persoas, desenvolver o coidado da saúde, de actividade física e deporte, de consumo racional, así como de interacción e conservación do espazo físico e dos seres vivos.
- Capacitar ao alumnado con aprendizaxes integradores que lles permitan alcanzar o gusto por aprender, o éxito académico e a incorporación a estudos posteriores ou a vida laboral.
- Coñecer, comprender e valorar as distintas linguaxes e manifestacións artísticas, culturais e deportivas.
- Participar nas actividades propostas pola comunidade educativa, asumindo responsablemente deberes e dereitos, practicando a tolerancia, a igualdade e equidade, e a cooperación e solidariedade.

Capacidades que prioritariamente se pretenden desenvolver no bacharelato

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permita:

- Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá, e unha ou máis linguas estranxeiras, acadando a capacidade de expresarse correctamente en público a través de distintos tipos de discurso.
- Utilizar eficazmente e con responsabilidade as funcións transmisora e xeradora das tecnoloxías da información e da comunicación, como ferramentas para conseguir obxectivos e fins da aprendizaxe, traballo e lecer, previamente establecidos.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución, as súas escalas de valores, e contribuír a afianzar e conservar o patrimonio material e inmaterial de Galicia no contexto dun mundo globalizado.
- Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, actuando con criterio propio e practicando normas de convivencia que amosen adquirir unha conciencia cívica responsable, que

fomente a corresponsabilidade e compromiso na construción dunha sociedade plural, xusta e equitativa en dereitos e oportunidades das persoas e favoreza a sustentabilidade.

- Reforzar os hábitos de lectura, estudo e autonomía así como actitudes de iniciativa, autoconfianza, de traballo en equipo, de creatividade, flexibilidade, como condicións necesarias para o desenvolvemento dunha madurez intelectual e humana, persoal e social que lles permita resolver responsable, crítica e pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- Acceder aos coñecementos e métodos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida, e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida.
- Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.
- Participar de forma solidaria en actividades que fomenten o desenvolvemento e mellora do seu contorno social e afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego, procurando a conservación dos recursos e da diversidade.
- Proporcionar ao alumnado a formación, a madurez, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, asemade capacitar para o acceso á educación superior ou ao ámbito laboral, e valorar a importancia da educación permanente durante toda a vida.
- Desenvolver a sensibilidade cara a manifestacións artísticas, literarias e deportivas, así como as habilidades perceptivas e comunicativas, sentido estético e valoración da liberdade de expresión que requiren, como fontes para cultivar a capacidade creadora, enriquecemento cultural e participación e conservación do patrimonio da propia comunidade como doutras.
- Afianzar hábitos de utilización da educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables e de gozo do tempo de lecer.

7.2. Decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía e a súa contribución á consecución das competencias clave

A Comisión Europea da Educación estableceu unhas competencias clave ou destrezas básicas necesarias para a aprendizaxe das persoas ao longo da vida e animou aos estados membros a dirixir as súas políticas educativas nesta dirección. Neste proxecto incorpórase a clasificación e denominación das definidas pola Unión Europea. Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

No noso sistema educativo considérase que as competencias clave que debe adquirir o alumnado cando finaliza a súa escolaridade obrigatoria para acadar un pleno desenvolvemento

persoal, social e profesional son as que seguen:

Competencia en comunicación lingüística. Refírese á habilidade para empregar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral o escrita.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanas.

Competencia dixital. Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.

Aprender a aprender. É unha das principais competencias, xa que implica que o alumno desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de xeito individual ou en equipo para conseguir un obxectivo.

Competencias sociais e cívicas. Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e implicarse de xeito activo, participativo e democrático na vida social e cívica.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Implica as habilidades necesarias para transformar as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

Conciencia e expresións culturais. Fan referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

O Bacharelato, que forma parte da educación secundaria na fase postobligatoria, debe ser unha etapa de consolidación das competencias adquiridas na Ensinanza Secundaria Obrigatoria e así tanto na LOMCE como no *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*. (DOG N° 120, 29 de xuño de 2015) establecen como finalidade nesta etapa “proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, así como capacitarse para o acceso á educación superior”.

Por todo isto, haberá que tomar unha serie de medidas para que o alumnado adquira estas competencias. Por un lado, mediante a contribución que cada materia faga a través das súas programacións didácticas, e por outro, tomando medidas non curriculares relacionadas coa organización e funcionamento do centro, o plan de acción tutorial, o plan de orientación académica e profesional, o plan de convivencia, o plan de atención á diversidade, a planificación das actividades

extraescolares e complementarias, e a implicación de todos os sectores da comunidade educativa.

Para acadar os obxectivos deste tipo de aprendizaxe debemos utilizar unha metodoloxía que presente as seguintes características:

Activa e participativa. En ocasións o profesorado proporcionará de maneira ordenada os contidos relevantes, mentras que outras veces resultará máis apropiado dispoñer as condicións e os materiais máis idóneos para que o alumnado adquira o seu propio coñecemento de forma autónoma. O alumnado convértese así en protagonista da súa propia aprendizaxe desenvolve a súa capacidade de “aprender a aprender”; é dicir, que sexa capaz de marcarse os seus propios obxectivos en relación coa programación establecida.

O profesor ou profesora deberá planificar actividades de investigación que promovan no alumno ou alumna a necesidade de comprender os problemas que se presentan ou formulan ó seu redor a partir da búsqueda e manexo de distintas fontes de información.

Motivadora. Se os intereses do alumnado non atopan reflexo ningún na cultura escolar, isto lévao á desmotivación e ó rexeitamento. Por iso, débense crear situacións de aprendizaxe motivadoras que conecten dalgunha maneira coas expectativas do mesmo.

Traballo en equipo. Para dinamizar os procesos de aprendizaxe favorecerase que haxa intercambio de información e experiencias e a cooperación entre alumnos. Por iso, debemos facilitar a creación de equipos de traballo que potenciarán as relacións entre estudantes, dando prioridade non tanto ós resultados de dito traballo senón ós procesos de aprendizaxe.

Personalizada. A aprendizaxe axustarase ó nivel de desenvolvemento de cada caso concreto. Teranse en conta as capacidades do alumno. O profesorado facilitará métodos e recursos variados que permitan dar resposta ás diversas motivacións, intereses e capacidades que do alumnado.

Atención á diversidade. No alumnado pódense detectar certas dificultades de aprendizaxe que fan necesario que se deseñen unha serie de actividades de reforzo e de ampliación. Estas últimas profundizarán nos contidos básicos da aprendizaxe. Ditas actividades terán un nivel de dificultade adaptado a cada persoa á que sedirixan e tratarase de varialas.

Orientación. Implantarase un sistema eficaz de orientación que propicie o desenvolvemento persoal do alumnado e o capacite para tomar decisións sobre o seu futuro académico e profesional.

Uso e aprendizaxe das novas tecnoloxías. O centro facilitará que os seu alumnado se familiarice coas novas tecnoloxías e as empreguen de maneira racional nas diversas áreas e materias.

Biblioteca. Débese potenciar o uso da biblioteca para fomentar o hábito de lectura e tamén para a busca de información complementaria.

Actividades complementarias e extraescolares. É conveniente que o alumnado acuda a exposicións, representacións teatrais, excursións, concertos, etc., posto que favorecen a aprendizaxe e a convivencia.

7.3. Criterios xerais sobre a avaliación, titulación e promoción do alumnado

De acordo co establecido na Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, actualízanse os criterios xerais de avaliación, promoción e titulación, así como os criterios para a concesión das matrículas de honra.

7.3.1. Criterios de avaliación, promoción e titulación

7.3.1.1. Os criterios de avaliación en cada materia ou ámbito aparecen recollidos nas programacións didácticas dos distintos departamentos. As adaptacións realizadas para adecuar as programacións didácticas ao establecido na Orde do 25 de xaneiro de 2022 están recollidas nun documento anexo ás citadas programacións. Tanto as programacións didácticas como o correspondente anexo estarán dispoñibles no espazo web do centro.

7.3.1.2. Criterios de promoción na ESO

Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

7.3.1.3. Criterios para a titulación na ESO

Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco. b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas. c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

7.3.1.4. Criterios para a promoción no Bacharelato

As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.

7.3.1.5. Criterios para a titulación no Bacharelato

Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título. b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria. d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

7.3.2. Criterios para a concesión das matrículas de honra

7.3.2.1. Criterios para a concesión das matrículas de honra na ESO.

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. Cando o número de alumnado que cumpra esta condición sexa maior do número de mencións de matrícula de honra que se poidan conceder de acordo coa normativa vixente, ou cando se produzan empates nas puntuacións, os criterios que rexerán a concesión serán os seguintes:

1º. Maior nota media en 4ºESO.

2º. Maior nota media na etapa da ESO.

3º. Maior nota media en 3ºESO.

7.3.2.2. Criterios para a concesión das matrículas de honra no Bacharelato

O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. Cando o número de alumnado que cumpra esta condición sexa maior do número de mencións de matrícula de honra que se poidan conceder de acordo coa normativa vixente, ou cando se produzan empates nas puntuacións, os criterios que rexerán a concesión serán os seguintes:

1º. Maior nota media en 2ºBach.

2º. Maior nota media de todo o bacharelato sen a materia de Relixión.

3º. Maior nota media (aritmética, non ponderada) das materias troncais xerais, incluída Lingua Galega e Literatura, e das troncais de opción de 2ºBach.

7.4. Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes

Elaboración das programacións docentes:

- Teremos unha programación por cada materia asignada. O departamento a que lle foi asignada a materia é o responsable da elaboración da programación.
- É responsabilidade dos/as xefes/as de departamento revisar que as programacións cumpren tódolos requisitos legais, así como envialas por correo electrónico á Xefatura de Estudos, previo ao comezo do curso escolar.
- A xefatura de estudos enviara unha copia de todas as programacións á inspección.
- O cambio de profesorado non implica o cambio de programación, que seguirá vixente.
- No caso dunha modificación da programación por parte dun profesor, deberá aparecer na programación non só a modificación senón tamén a xustificación da modificación.
- Ao comenzo de cada curso, o/a xefe de cada departamento dará **información** a cada profesor sobre a programación didáctica para transmitila ao alumnado.

As programacións didácticas incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Introducción e contextualización.
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.
- d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliados de:
 - 1º. Temporalización. 2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia. 3º Procedementos e instrumentos de avaliación.
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vayan utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
- h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
- i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, *no caso do bacharelato*.
- k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- l) Medidas de atención á diversidade.
- m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
- n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.
- ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

7.5. Incorporación da educación en valores a través das distintas áreas e materias

O obxectivo fundamental que se pretende no noso centro, é o exercicio da educación como un elemento que contribúa ao desenvolvemento integral do alumno/a, co fin de capacitalle para unha aprendizaxe autónoma e unha participación activa, crítica e transformadora da sociedade. Polo tanto, debemos educar na responsabilidade e entender a dignidade humana como un valor guía que permita elaborar un modelo de vida que facilite niveis de felicidade persoal e o exercicio dunha cidadanía comprometida. Este proceso para ser eficaz ten que ser sistemático, planificado e asumido por todos (Equipo Directivo, Departamento de Orientación, profesorado, familias, alumnado).

Por todo isto, o noso alumnado deberá ser capaz de ser responsable nas súas tarefas diarias, comprender a importancia de cumprir as normas sociais, e que as apliquen no seu día a día, xa sexa na relación con outras persoas ou no respecto que lle deben ter ao medio ambiente.

É fundamental para nós, o respecto; o noso alumnado debe respectarse a si mesmo e aos demais. Debe ter moi claro que as diferenzas entre persoas enriquecen, ofrecen múltiples ensinanzas e axudan á formación das persoas. Queremos fomentar no alumnado a capacidade de sentir empatía, que saiban da importancia de ser quen de situarse no lugar das outras persoas.

Finalmente, tamén é básico, que o alumnado aprenda a ser consciente da importancia de ter coidado do corpo e das repercusións negativas que ten para a vida diaria a despreocupación da propia saúde.

Todos estes, son aspectos para nós fundamentais para manter no centro unha boa convivencia, a cal axudará a que a vida diaria sexa máis fácil.

Polo tanto, desde os diferentes departamentos didácticos e a través das materias debemos transmitir unha serie de valores ao noso alumnado para que os apliquen na súa vida diaria. Entre outros valores, poderían traballarse os seguintes:

1. **Aprender a ser responsable.** Explicar as responsabilidades que debe aprender a adquirir o alumnado para poder formarse máis axeitadamente como persoas:

- a. Responsabilidade cun mesmo.
- b. Responsabilidade coas tarefas a desenvolver.
- c. Responsabilidade no consumo.
- d. Responsabilidade coa sociedade.

2. **Aprender a ser respectuoso.** Aportar información, reflexión e debate acerca dos catro ámbitos nos que debemos aplicar o respecto se queremos conseguir unha convivencia equilibrada:

- a. Aprender a ser respectuoso cun mesmo.
- b. Aprender a ser respectuoso cos demais.
- c. Aprender a ser respectuoso co entorno.
- d. Aprender a ser respectuoso coa diferenza.

3. **Aprender a ser empático.** Explicar a necesidade de ser capaces de entender aos demais, de poñernos no seu lugar, para así, fortalecer as relacións humanas, fomentar a comunicación entre as persoas e mellorar a sociedade. Poderían tratarse os seguintes temas:

- a. Sensibilidade cos demais.
- b. Solidariedade e cooperación.
- c. A amizade.
- d. Civismo.

4. **Aprender a autorregularse.** Explicar a importancia do autoconecemento. Se o alumnado se

coñece a si mesmo será capaz de controlar os seus impulsos negativos e poderá afrontar as contrariedades cunha actitude máis positiva. Os puntos a traballar serían:

- a. Autocoñecemento.
- b. Autocontrol das emocións.
- c. Aceptación das normas.
- d. Alegría e optimismo.

7.6. Oferta de optativas

O IES Auga da Laxe aposta por currículos abertos, aproveitando as posibilidades de autonomía dos centros. A oferta de optatividade está en función dos criterios de demanda do alumnado, a dispoñibilidade de profesorado no centro e as posibilidades organizativas e de dispoñibilidade de recursos. A dirección do centro organiza os itinerarios posibles para cada curso escolar.

Procedemento para decidir a oferta para cada curso escolar

Reserva de praza

O alumnado solicita unha combinación de materias optativas de opción, específicas de opción e de libre configuración de centro. Neste impreso figuran tódalas materias que se poden solicitar, e non figuran materias específicas de opción que o centro non pode ofrecer por razóns organizativas (profesorado), ou materias de libre configuración de centro que decidimos non impartir.

Impreso de matrícula

Unha vez que o alumnado faga a reserva de praza, organizamos a combinación de materias, tanto optativas de opción, como específicas e de libre configuración, para que poidan facer a matrícula.

Materias que se exclúen do impreso de matrícula

Deixaremos no impreso de matrícula tódalas materias optativas de opción.

Eliminaremos do impreso de matrícula, algunhas das materias específicas de opción e de libre configuración de centro que se soliciten por un número de alumnos/as entre 1 e 9 (non todas), para que poidan recolocarse entre as materias que si se van a impartir. Isto supón que nos últimos días da matrícula de setembro, aínda que non haxa garantía de que todas as materias teñan máis de 9 alumnos/as, podamos recolocar ou solicitar á inspección educativa autorización para impartilas.

A oferta, coa implantación da LOMCE nos dous últimos cursos é a que figura nos documentos de prematrícula que se figuran máis adiante, podendo o alumnado solicitar, cada curso escolar, algunha das materias específicas e de libre configuración que non se imparten por falta de demanda, ou variar a combinación desas materias que se impartiron no último curso.

Criterios de redistribución do alumnado nas optativas de 1º e 2º ESO e na materia de Relixión de 1º de bacharelato cando sexa necesario.

Terá preferencia para cursar Relixión en 1º de bacharelato o alumnado que teña cursado esta materia nos anos precedentes. Respectando este criterio e as limitacións do centro, procederase por sorteo se é necesario.

A redistribución do alumnado nas optativas de 1ª e 2ª de ESO farase de xeito que o número de alumnos aos que non se lle concede a opción elixida sexa mínimo, tendo en conta as limitacións do centro.

DATOS ACADÉMICOS. PREMATRÍCULA 2021/2022

ESO

Nome do alumno/a Curso Grupo

1º ESO

Marca unha das seguintes opcións: ☐ Relixión ☐ Valores éticos
Numera por orde de preferencia, sabendo que só cursarás unha ☐ Afondamento de Educación física ☐ Afondamento de EPV e Audiovisual ☐ Obradoiro de Música

2º ESO

Marca unha das seguintes opcións: ☐ Relixión ☐ Valores éticos
Numera por orde de preferencia, sabendo que só cursarás unha ☐ Afondamento de Física e Química ☐ Afondamento de Francés ☐ Igualdade de Xénero ☐ Promoción de Estilos de Vida Saudables

3º ESO

Marca unha das seguintes opcións: ☐ Relixión ☐ Valores éticos	Marca unha das seguintes opcións: ☐ Cultura Clásica ☐ 2ª Lingua estranxeira (Francés)	Marca unha das seguintes opcións: ☐ Matemáticas Académicas ☐ Matemáticas Aplicadas
--	---	--

4º ESO

Materias comúns Educación Física Lingua castelá e Literatura 1ª Lingua estranxeira (Inglés) Xeografía e Historia Lingua Galega e Literatura		
ENSINANZAS ACADÉMICAS Matemáticas Académicas (obligatoria)		ENSINANZAS APLICADAS Matemáticas Aplicadas (obligatoria)
Troncais de opción		Troncais de opción
Elixe dúas ☐ Bioloxía e xeoloxía ☐ Economía ☐ Física e Química ☐ Latín		Elixe dúas ☐ Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional ☐ Iniciación á Actividade Emprendedora ☐ Tecnoloxía
Específicas de opción ☐ Cultura científica ☐ EPV e Audiovisual ☐ Filosofía ☐ Música ☐ TIC ☐ 2ª Lingua estranxeira (Francés) ☐ Unha materia troncal de opción non escollida (tanto de académicas como de aplicadas): _____		
Marca unha das seguintes opción ☐ Relixión ☐ Valores éticos		

Nome do alumno/a Curso Grupo

MATERIAS TRONCAIS		
Educación Física	Lingua castelá e literatura	1ª Lingua estranxeira (Inglés)
Filosofía	Lingua galega e literatura	
CIENCIAS E TECNOLOXÍA	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	
☐ Matemáticas I (Obrigatoria)	HUMANIDADES	CIENCIAS SOCIAIS
Troncais de opción <i>Numera por orde de preferencia, sabendo que cursarás dúas</i> ☐ Bioloxía e Xeoloxía ☐ Debuxo Técnico I ☐ Física e Química	☐ Latín I (Obrigatoria)	☐ Matemáticas aplicadas ás CCSS I (Obrigatoria)
	Troncais de opción <i>Numera por orde de preferencia, sabendo que cursarás dúas</i> ☐ Economía ☐ Grego I ☐ Historia do Mundo Contemporáneo ☐ Literatura Universal	
MATERIAS ESPECÍFICAS DE OPCIÓN		
<i>Elixir un mínimo de dúas materias e un máximo de tres. A combinación debe sumar 6 horas.</i>		
Materias de 3 h.	Materias de 2 h.	Materias de 1 h.
Anatomía Aplicada Debuxo Artístico I Linguaxe e Práctica Musical Tecnoloxía Industrial I	2ª Lingua estranxeira (Francés) Cultura Científica TIC I	Ampliación de Filosofía* Ampliación de Física e Química* Ampliación de Matemáticas* Relixión Católica
		<i>Materia de 4 hs.</i>
		Troncal de opción

* Materia de libre configuración, só se pode cursar unha.

Combinación 1	Combinación 2
Materia 1:	Materia 1:
Materia 2:	Materia 2:
Materia 3:	Materia 3:

Nome do alumno/a Curso Grupo

MATERIAS COMÚNS		
Hª de España Lingua castelá e literatura II Lingua galega e literatura II 1ª lingua estranxeira II		
☐ CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	
Obrigatoria: Matemáticas II	☐ HUMANIDADES	☐ CIENCIAS SOCIAIS
Troncais de opción <i>Numera por orde de preferencia, sabendo que cursarás dúas</i> ☐ Bioloxía ☐ Debuxo técnico II ☐ Física ☐ Química ☐ Xeoloxía	Obrigatorias: Latín II Historia da filosofía	Obrigatorias: Matemáticas aplicadas ás CCSS II Historia da filosofía
	Troncais de opción <i>Numera por orde de preferencia, sabendo que só cursarás unha</i> ☐ Economía da Empresa ☐ Grego II ☐ Historia da Arte ☐ Xeografía	
MATERIAS ESPECÍFICAS DE OPCIÓN: Elixe tres materias. A combinación debe sumar 8 horas.		
<i>Materias de 3 h.</i>	<i>Materias de 2 h. *</i>	<i>Materia de 1 h.</i>
Análise Musical II Ciencias da Terra e do Medioambiente Debuxo Artístico II Fundamentos da Admón. e Xestión Psicoloxía 2ª Lingua estranxeira II (Francés) Tecnoloxía Industrial II TIC II	Electrotecnia Ética e Filosofía do Dereito Métodos Estatísticos e Numéricos Xeografía e Historia de Galicia Literatura Galega do Século XX e da Actualidade	Relixión
		<i>Materias de 4 h.</i>
		Outra materia troncal de opción

* Das materias de 2 horas, só podes escoller unha

Combinación 1	Combinación 2
Materia 1:	Materia 1:
Materia 2:	Materia 2:
Materia 3:	Materia 3:

8. A AVALIACIÓN E AS RECLAMACIÓNS

O proceso de avaliación

A avaliación será continua, terá carácter formativo e estará integrada no proceso educativo de maneira sistemática. As actividades de avaliación orientaranse á detección dos progresos realizados polo alumnado en tódolos ámbitos do seu desenvolvemento.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos educativos, así como os criterios de avaliación establecidos no proxecto curricular propio do centro.

Sesións de avaliación

As sesións de avaliación utilizarán como instrumento básico as informacións e cualificacións que, sobre cada alumno/a e sobre o grupo, aporten os profesores e profesoras das distintas disciplinas.

En cada curso faranse tres reunións de avaliación, coincidindo a última coa avaliación final. Ademais desenvolveranse en todos os cursos unha avaliación inicial o comezo do curso. Así mesmo farase unha preavaliación nos cursos de ESO para coñecer as peculiaridades de cada grupo, no mes de outubro.

Reclamacións ás cualificacións

Os alumnos e alumnas ou os seus pais, nais ou titores legais, poderán reclamar contra as decisións e cualificacións que, como resultado do proceso de avaliación, se adopten ó rematar un ciclo ou curso. A dita reclamación deberá basearse na inadecuación da proba proposta ó alumno/a en relación cos obxectivos ou contidos da área ou materia sometida a avaliación, inadecuación das probas propostas ao nivel previsto na programación, ou incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos.

9. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No marco do DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.

Medidas ordinarias

Segundo o decreto citado, considéranse *medidas ordinarias* de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en

competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

No IES Auga da Laxe entre as **medidas ordinarias de atención á diversidade** inclúense:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas á contorna e ao alumnado.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Desdobramentos de grupos e reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial que se centrará no seguimento grupal e individual do alumnado.
- Coordinación no Centro de todos os programas destinados á atención á diversidade:
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas, recollido no POAP.
- Programas de recuperación, recollidos nas programacións dos distintos Departamentos Didácticos.
- Programas específicos personalizados, custodiados no Departamento de orientación.
- Programas de habilidades sociais, recollido no PAT.
- Plan de Acolida do alumnado, recollido no PE do centro.

No marco do decreto que regula a atención á diversidade do alumnado, considéranse *medidas extraordinarias* de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización das familias, da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

No IES Auga da Laxe entre as **medidas extraordinarias de atención á diversidade** inclúense:

- Exencións da Segunda Lingua Estranxeira. En 1º de ESO a proposta do centro de Primaria adscrito, tras a valoración do alumnado candidato por parte do Departamento de Orientación e tendo en conta a opinión do profesorado de área, tras os resultados reflectidos pola avaliación

inicial. En 2º de ESO concederáse ao alumnado xa exento en 1º de ESO.

- Adaptacións curriculares. Realizaranse unha vez esgotadas outras medidas de atención a diversidade incluída a repetición de curso, agás para o alumnado procedente de Primaria que xa trae o currículo adaptado da anterior etapa, neste caso darase continuidade á medida.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Flexibilización da duración do período de escolarización, para o alumnado de incorporación tardía á etapa de Secundaria e o alumnado con necesidades educativas.
- Programas de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento en 2º e 3º de ESO. Destinados a alumnas e alumnos con dificultades de aprendizaxe que se reflicten nos resultados académicos. Esta medida está dirixida a alumnado que se esforza e quere obter o título da ESO.
- Formación Profesional Básica. Dende a entrada en vigor da LOMCE non estamos autorizados no centro a impartir esta formación, polo tanto, derivarase a Formación Profesional Básica ao alumnado de 2º e 3º de ESO non interesado en continuar os estudos de Secundaria Obrigatoria pero si interesado en adquirir unha cualificación profesional, coa posibilidade de continuar estudando Formación Profesional de Grao Medio ou incorporarse ao mundo laboral en mellores condicións.
- Atención educativa (domiciliaria ou hospitalaria) ao alumnado que, por circunstancias de saúde, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.
- Grupos de adquisición das linguas. O IES Auga da Laxe non recibe con frecuencia alumnado con descoñecemento das dúas linguas cooficiais, polo que se valorará cada caso no momento da acolida e se aplicarán as medidas de atención tanto ordinarias como extraordinarias que se estime oportuno e que nos permita facer o cadro de persoal do centro.
- Programa ARCO (Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación) dirixido ao alumnado de 1º ESO e 4º ESO con necesidades de reforzo nas materias do ámbito socio-lingüístico.

10. DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este Proxecto Educativo revisarase cando o solicite, polo menos un terzo dos membros do Consello Escolar, cando haxa un cambio na normativa na que está baseado, e, en todo caso, cada catro anos.